

Tendo en conta o informe proposta de data 22 de febreiro de 2022 e que literalmente di:

“Por resolución de data 18 de febreiro de 2022 a Concellería delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, acordou a aprobación da realización do programa MONA (Movemento de ocio nocturno alternativo) dirixido á xuventude de 14 a 30 anos do concello de Ferrol.

As actividades incluídas no dito programa son: un curso de gravación de vídeo, un curso de fotografía creativa, un curso de make up fx, un curso de edición e montaxe e un curso de ioga; que se realizarán na Casa da Xuventude durante os meses de mazo e abril, segundo o seguinte cronograma:

MARZO	ABRIL
Venres 4 18:00-20:00 curso fotografía artística 19.00-21.00 curso ioga 20.00-22:00 curso gravación videoclips	Vernes 1 18:00-20:00 curso edición e montaxe 19.00-21.00 curso ioga
Sábado 5 18.00-20:00 curso fotografía artística 20:00-22:00 curso gravación videoclips	Sábado 2 19:00-21.00 make up fx
Venres 11 18:00-20:00 curso fotografía artística 19.00-21.00 curso ioga 20.00-22:00 curso gravación videoclips	Venres 8 18:00-20:00 curso edición e montaxe 19.00-21.00 curso ioga
Sábado 12 18.00-20:00 curso fotografía artística 20:00-22:00 curso gravación videoclips	Sábado 9 19:00-21:00 make up fx
Venres 18 18:00-20:00 curso fotografía artística 19.00-21.00 curso ioga 20.00-22:00 curso gravación videoclips	Vernes 22 18:00-20:00 curso edición e montaxe 19.00-21.00 curso ioga
Sábado 19 18.00-20:00 curso fotografía artística 20:00-22:00 curso gravación videoclips	Sábado 23 19.00-21:00 make up fx
Venres 25 18:00-20:00 curso de fotografía artística 19.00-21.00 curso ioga 20.00-22:00 curso gravación videoclips	Venres 29 18:00-20:00 curso edición e montaxe 19.00-21:00 curso ioga
Sábado 26 18.00-20:00 curso fotografía artística 20:00-22:00 curso gravación videoclips	Sábado 30 19:00-21:00 make up fx 18.00-20.00 curso edición e montaxe

O número máximo de participantes en cada unha das actividades é de 10 por curso e día.

Os/as participantes deberán estar empadroados/as no Concello de Ferrol.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e a inscrición será por estrito orde de presentación ata o máximo do número de prazas en cada unha das actividades.

Tendo en conta que as sesións programadas para cada un dos cursos son independentes, co fin de garantir a máxima participación en todas elas; considerase necesario que o prazo de presentación das solicitudes sexa desde o día da publicación desta resolución ata 3 días antes da celebración de cada unha da actividade, publicándose o día anterior á celebración da actividade a relación dos admitidos na web municipal e no instagram **xuventudeferrol**.

Con carácter excepcional, en caso de quedar prazas vacantes, para un mellor aproveitamento dos recursos públicos, antes de dar comezo a realización da actividade poderán inscribirse directamente na Casa da Xuventude acreditando en primeiro lugar estar empadroada/o no Concello de Ferrol, e de seguir quedando prazas vacantes poderán inscribirse os estudantes matriculados nalgún centro educativo de Ferrol.

Polo exposto, propóñolle a concelleira Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o prazo de inscrición que comezará a contar desde a publicación desta resolución e se manterá aberto ata 3 días antes da celebración de cada unha das actividades segundo as datas que figuran no cronograma.

**Segundo.-** Publicar a presente Resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Ferrol e na web municipal.”

**Decreto:** Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

O manda e asina a Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Alcaldía do día 08/07/2019 (BOP número 137 de 22/07/2019) no Concello de Ferrol o día da data da sinatura electrónica.

A Concelleira

Dou fe,  
O Secretario Xeral